

PERCEPCIÓN POLO ALUMNO DA NECESIDADE DA ENSEINANZA DE ÉTICA EN CONTABILIDADE

MARÍA ISABEL BLANCO DOPICO

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

SUSANA GAGO RODRÍGUEZ

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Ética; Responsabilidade social; Ensinanza; Responsabilidade Contable; Códigos éticos; Moral; Cultura.*

Key words: *Ethics; Social responsibility; Teaching; Responsibility; Accounting; Ethical codes; Morale; Culture.*

Resumo

A ética só pode ser entendida se, ademais dunha teoría, supón unha práctica. Este é o sentido da enquisa realizada ós estudantes dos últimos cursos de empresariais, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, na que, a través das súas reflexións sobre o tema, se manifesta un interese moi claro sobre a actitude, a cultura e os comportamentos empresariais, en sintonía co contexto xeral sociopolítico actual.

Abstract

Ethics can be only understood if, besides theory, it involves practice. This is the meaning of the inquiry given to students of the last courses of business studies section of the Faculty of Economics of the University of Santiago, where, through their reflections on the subject, it can be seen a clean interest in attitude, culture, and business behaviors, in agreement with the current general sociopolitical context.

1. INTRODUCCIÓN

O renovado interese da ética para a sociedade en xeral e o feito de que os fins éticos ra-

ramente son abordados no desenvolvemento dunha clase típica de Contabilidade motivaron a seguinte investigación centrada na aceptación ou non por parte do alumnado da ensinanza da ética dentro do programa contable. O punto de partida da mesma é a consideración da importancia outorgada polo alumno ó razoamento ético e filosófico no seu desenvolvemento educativo e na súa orientación profesional, incidindo na idea de que a ensinanza da Contabilidade non se debe centrar unicamente na necesidade de destreza e coñecementos, senón que tamén debe inculcar modelos éticos e de actuación profesional. Para constatar na realidade esta aseveración, elaborouse un cuestionario que foi presentado ós alumnos de terceiro, cuarto e quinto cursos da Sección de Empresariais da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela; os seus resultados comentaranse de seguido.

2. CARACTERÍSTICAS DA INVESTIGACIÓN

A poboación á que vai destinada a enquisa consta de 1.847 estudantes da Sección de Empresariais, que son os que están matriculados, por termo medio, en 3º, 4º e 5º cursos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

da Universidade de Santiago de Compostela. Dentro desta poboación seleccionouse como poboación obxectivo a aqueles alumnos matriculados que asisten con regularidade a clase, e que ascende a 528 (28,59% da poboación total). As enquisas foron distribuídas nas respectivas aulas nos últimos días do curso académico 1993-1994 (finais de maio de 1994) e recollidas de inmediato. O número de enquisas totais contestadas foron 194 (36,74% da mostra). Malia que a ratio de respostas sobre a poboación global é reducida, se se considera a poboación obxectivo, é posible extropolar datos e obter resultados significativos.

Das respostas recibidas, o 22,7% corresponde a alumnos de terceiro; o 16,4% a alumnos de cuarto e o 23,6% a alumnos de quinto, mentres que un 37,3% das respostas non indican a que curso pertencen (figura 1), resultando bastante significativas se se analizan os datos sobre as respostas para terceiro, onde a poboación real aglutina o 26,69% dos alumnos, e, en menor grao, para cuarto, que ten unha poboación real que representa o 32,43%, e quinto, no que a poboación real é o 40,88% do alumnado; sen embargo, estas respostas aumentan en fiabilidade se se considera que as poboacións obxectivo de terceiro e quinto representan, aproximadamente, o 24,58% e o 27,12%; non así para cuarto curso (48,3%).




Figura 1
CLASIFICACIÓN POR CURSOS

A maior parte dos enquisados son mulleres (40,9% fronte ó 22,7%) como podemos ver na figura 2, coincidindo coa tendencia observada na Universidade de Santiago de Compostela cara a unha maioritaria presenza feminina nas aulas.

Polo que respecta á idade, o 50% dos enquisados ten menos de vinte e cinco anos fronte

ó 12,7% que ten entre vinte e cinco e trinta anos (ámbolos dous inclusive) (figura 3).




Figura 2
CLASIFICACIÓN POR SEXO




Figura 3
CLASIFICACIÓN POR IDADE

3. RESULTADOS DA ANÁLISE

3.1. ÉTICA EMPRESARIAL

3.1.1. Introducción

A ética designa un sistema de principios filosóficos que son a base dun código prescriptivo ou de prohibicións (o cal constitúe a moral) que ten por obxecto analiza-lo carácter do home.

Como defende KNIGHT (1935), a Economía e a ética manteñen unhas estreitas relacións dado que ámbalas dúas tratan do problema do valor; segundo este autor, débese salienta-lo interese concreto de considerar, por unha parte, a separación entre teoría e práctica (sendo a cuestión a resolver se a ciencia económica se debe ocupar das relacións de causa-efecto ou do benestar) e, por outra, que a miúdo se incide en que a economía é unha ciencia pura dedicada á busca da verdade e exenta de calquera tipo de

prexuízos con respecto á bondade ou maldade dos seus principios e resultados. Así, KNIGHT pon en tea de xuízo o feito de que as necesidades humanas poidan ser tratadas como datos, incidindo nesta tarefa na necesidade dunha clarificación da natureza da Economía como ciencia da natureza da ética e das relacións entre ámbalas dúas.

Como afirma HAMLIN (1986), unha análise da racionalidade dos suxeitos económicos podería comprender o estudo das súas crenzas (ou modelo do mundo que estes aceptan e que se concreta nas súas actuacións), desexos (ou fins) e decisións (ou resultado do proceso de elección que involucra a interacción dos modelos de crenzas e os criterios de desexos).

Sen embargo, xorden problemas debido ás diferentes interpretacións que se pode facer da racionalidade individual; así, pódese entender esta:

- Referida tan só ás decisións últimas do individuo.
- Cando o individuo estende o seu modelo interno no mundo que o arrodea.
- Relacionando o sistema decisión-desexos-crenzas tan só cos desexos.

A empresa ten unha dimensión social derivada tanto do feito de que estea integrada por un conxunto de individuos como de que interactúa con outros nos mercados. Ó ofrece-lo seu output no mercado, a firma préstalle un servizo á sociedade, aínda que a súa finalidade é fundamentalmente económica, e se debe xulgar sobre esa base, e incorre nunha responsabilidade fronte a esta, tanto económica como ética. Neste contexto, xorde a demanda para unha estratexia ética empresarial, coa finalidade de planificar os pasos que cómpre seguir para mantela competitividade e, ó mesmo tempo, actuar con honestidade e sentido moral.

En relación con estes aspectos, e no suposto de que a mentalidade dos suxeitos económicos relacione as súas crenzas, finalidades e decisións, preguntóuselles ós enquisados se consideran que o beneficio é o único obxectivo que inflúe na adopción de decisións éticas. O 20% das respostas considera que o beneficio é o único obxectivo que inflúe na adopción de

decisións éticas, fronte a un 62,4% que considera que non o é (figura 4). As primeiras destacan que detrás de tódalas decisións empresariais se atopa o beneficio (aínda que só sexa en termos de imaxe de empresa, de perseguir-lo fin sen reparar nos medios, etc.).

Polo que respecta ós defensores doutros obxectivos, ademais do beneficio:

— O 31,82% considera que a empresa ten obxectivos de diversa natureza (satisface-los clientes, boa imaxe, obxectivos de natureza social, o compromiso do empresario coa creación de riqueza no país e coa súa colaboración no desenvolvemento xeral,...).

— O 7,58% destaca a necesidade dunha toma de decisións ética nun contexto de máis obxectivos có económico.

— O 6,06% salienta que o poder, o prestixio e a fama (que poden ser causantes de conductas pouco éticas).

— O 31,82% considera que unha postura ético-moral redonda a longo prazo nuns mellores resultados para a empresa.

— O 3,03% subliña que hai outros obxectivos pero que son secundarios.

— Outras respostas (6,06%) destacan o feito de que, pola contra, o beneficio é o que inflúe na toma de decisións non éticas recollendo, ademais, o interese das implicacións das actitudes ou situacións pasadas na toma de decisións ou a importancia das relacións interpersoais e da propia persoa.




Figura 4
O BENEFICIO COMO ÚNICO OBXECTIVO

Ó formula-la cuestión de qué se entende por ética empresarial, constatouse unha certa uniformidade entre as respostas; así:

— O 24,5% considera que a ética é unha conducta que se segue dunha actuación conxunta, uniforme, solidaria, educada,..., ou que está de acordo con principios morais e que non entra en colisión cos intereses dos demais membros da colectividade ó basearse na honestidade e o respecto ós semellantes (conducta que se realiza seguindo uns principios ou valores morais reflexo da natureza humana que vai máis alá do físico e que transcende o bo e o malo).

— O 19,1% indica que se trata dunha conducta que segue unhas normas socialmente aceptadas para a mellor convivencia entre os individuos,

— O 8,18% indica que é unha conducta baseada no respecto ós demais.

— O 7,27% pensa que se trata dunha conducta dentro da moral ou que segue as pautas establecidas pola moral colectiva.

— O 6,36% fai referencia á conducta de cada persoa, derivada da súa personalidade e da formación recibida.

— O 4,54% cre que a conducta ética é aquela que se axusta mellor á natureza do individuo, permitíndolle desenvolverse na sociedade e relacionarse con outros individuos.

— O 3,64% pensa que é a mellor conducta para a sociedade.

— O 2,73% considera que é a conducta que actúa en función da conducta legal.

— Outras opinións (que representan en total o 9%) fan referencia á forma de face-las cousas, á conducta baseada en valores atemporais (dereito natural), conducta que a sociedade percibe como moral e que non é contraria ó costume e á conducta asociada á razón (unha actuación é ética se é razoable).

3.2. RELACIÓNS ÉTICA-LEGALIDADE

Para BLANCHARD e PEALE (1989), as decisións que suscitan un conflito entre ámbalas dúas dimensións deben someterse ó que denominan un "chequeo" ético, analizando os seguintes aspectos:

— A súa legalidade, non só conforme á normativa existente senón ás regras de conducta que establece a propia empresa.

— O seu equilibrio, que fai referencia á xustiza da decisión e ás súas repercusións a curto e longo prazo.

— A súa correspondencia coa ética individual dos integrantes da firma.

Neste sentido, a maioría dos alumnos rexeitan a idea de que unha actuación é ética se está de acordo coa legalidade (79,1% fronte ó 16,4%) (figura 5).

Así mesmo, rexeitan a afirmación de que unha actuación é legal se é ética (72,7% fronte ó 21,8% que afirma que si é) (figura 6).




Figura 5
ÉTICA E LEGALIDADE (I)




Figura 6
ÉTICA E LEGALIDADE (II)

Ó responde-la pregunta de se existe unha correspondencia entre a ética e a legalidade, a cuestión equilibrase: un 39,1% considera que si existe tal correspondencia e un 54,5% que non; sen embargo, o predominio segue na liña de nega-la interrelación na sociedade actual entre legalidade e ética (figura 7).

A meirande parte dos alumnos defende que a conducta legal e a conducta ética están situadas en niveis diferentes (78,2% fronte ó 16,4%)

(figura 8), considerando o 61,6% que a ética se atopa situada nun nivel superior e o 29,1% que a legalidade é a que se sitúa no máis alto nivel (figura 9).




Figura 7
ÉTICA E LEGALIDADE (III)




Figura 8
ÉTICA E LEGALIDADE (IV)




Figura 9
ÉTICA E LEGALIDADE (V)

Os argumentos que utilizan os estudantes partidarios do predominio da ética sobre a legalidade son (por orde de maior a menor importancia):

— A conducta ética supón actuar de acordo cuns criterios de respecto a un mesmo e ós demais, o cal non sucede sempre ó actuar en conformidade coa lexislación vixente (neste sentido algúns alumnos aluden a prácticas como a especulación, que aínda que é legal non é ética).

— A legalidade está baseada en principios éticos.

— A conducta ética está de acordo cuns principios de xustiza antes que de legalidade.

— A ética permanece mentres que a lei pode modificarse (ante cambios no poder,...).

— Reviste unha maior dificultade levar a cabo actuacións éticas que legais.

Entre os argumentos daqueles estudantes que apostan pola supremacía da legalidade atopamos:

— O non cumprimento da lei leva aparellada unha sanción.

— A conducta legal atópase por riba de calquera outra conducta, con independencia de que sexa ética ou non (na liña da consideración de que prima o legalmente permitido sobre o eticamente adecuado).

— A sociedade chega a considerar como exemplos conductas non éticas.

— O ser humano debe actuar primeiro dentro da legalidade e despois de maneira ética.

— A ética é subxectiva: depende da persoa e da educación recibida.

3.3. INFLUENCIA SISTEMA DE VALORES-LEGALIDADE-NORMAS ÉTICAS

Con respecto á forma en que as leis responden en cada momento ó sistema de valores predominante, a meirande parte dos alumnos (84,7% fronte ó 8,2%) considera que as leis non se modifican ó ritmo adecuado para reflecti-las normas comúns de conducta ética (figura 10).

No referido á *evolución sufrida polo sistema de valores*, un 61,8% dos estudantes considera que esta é negativa, mentres que o 21,8% cre que é positiva (figura 11). Entre as razóns aducidas polos estudantes para xustificar esta evolución negativa do sistema de valores atópanse, por orde de importancia, as seguintes:

— A presenza de valores errados como o materialismo, a busca da fama e do poder, a comodidade, a aparencia,...

— A busca do propio interese sen considera-las consecuencias sobre o interese común.

— A perda de valores tradicionais, dos principios, da humanidade, de algo no que crer,...

— O reflexo da situación española na actualidade, especialmente no ámbito político e empresarial.

— Outras, como a excesiva regulación, a necesidade dunha maior orde, a tardanza do cambio e o feito de que este foi incompleto, o escaso peso outorgado á conducta ética e a falta de confianza.




Figura 10
ÉTICA E LEGALIDADE (VI)




Figura 11
EVOLUCIÓN DO SISTEMA DE VALORES

Os alumnos que consideran positiva a evolución do sistema de valores fan referencia:

— Á resposta da sociedade ós novos valores (aínda que recoñecen que esta non se produce sempre ó ritmo desexado).

— Á modernización do sistema de valores, adaptándose ás novas características do mundo.

— Á maior liberdade que existe para o individuo.

— Ó feito de que as conductas son máis razoables.

— Dado que os valores se basean no que é a persoa antes ca no que ten.

— Ó feito de que a ética se ten cada vez máis en conta aínda que só sexa por garda-las aparencias.

Tampouco a meirande parte dos alumnos (68,2% fronte a un 16,4%) considera que o sistema de valores actuais sexa adecuado para lograr ou guiar unha conducta ética (figura 12); os argumentos aducidos son:

— O sistema actual de valores fomenta o enriquecemento rápido, a aparencia, o materialismo.

— Búscase o interese xeral sen considera-lo colectivo.

— Pérdense os valores tradicionais.

— Non se levan a cabo os valores ideais.

— Existe un mal exemplo por parte da sociedade no comportamento dos nosos políticos e na realidade empresarial.

— A escala de valores está desordenada.

— O sistema de valores deixa sen cubrir moitos aspectos.

— Hai demasiada violencia.

— Existe unha grave carencia de medidas para perseguir-las conductas non éticas.

— Non existe unha guía moral.




Figura 12
ADECUACIÓN DO SISTEMA DE VALORES ACTUAL

Os alumnos máis optimistas aluden, pola contra, ó feito de que se podería alcanzar algún

tipo de conducta que conducise a un mundo máis estable e xusto ou ó feito de que as persoas a través da educación coñecen diferentes valores e poden elixir entre eles.

Polo que respecta á pregunta de se cren que a propia existencia determina a adopción de decisións éticas, un 69,1% considera que si o fai fronte ó 20,9% que cre que non (figura 13).




Figura 13
RELACIÓN ENTRE
PROPIA EXPERIENCIA E ÉTICA

Entre os argumentos aducidos para avalar esta tese atopamos:

— Coas propias experiencias vense as consecuencias boas e malas das actuacións, o modo de pensar e a actitude ante a vida enteira.

— A adopción de decisións éticas depende, en gran medida, do individuo e o individuo fórmase polas súas propias experiencias, pola educación recibida e pola familia.

— A experiencia subministra a mellor base para adopta-las decisións adecuadas.

— Na experiencia demóstrase a personalidade de cada un e, polo tanto, a ética.

— Apréndese ética na convivencia cos demais.

— A ética derívase dos procesos históricos que os convierten nunha conclusión da experiencia.

Entre os argumentos aducidos en contra están:

— É a persoa en si mesma e non o feito de que teña maior ou menor experiencia o que determina a adopción de decisións éticas.

— É a educación a que ten un peso fundamental, non a experiencia.

— Actualmente se carece de valores, co cal a experiencia exerce unha influencia negativa.

3.4. ENSINANZA DA ÉTICA

3.4.1. A ética como disciplina

A ética pódese enfocar como unha disciplina:

— Normativa, fixando "o que debe ser", a través da emisión de xuízos de valor sobre os comportamentos dos individuos.

— Descritiva, entendendo que o feito moral é un feito social; desta maneira, coexisten diversas concepcións do que é unha conducta ética entre os diversos grupos humanos.

— Lóxica da linguaxe moral, na que se trata de describi-los valores, incidindo en que a ética é un saber lingüístico.

O suposto de toda ética é, pois, a distinción entre "o que é" e "o que debe ser".

Esta consideración levounos a analizar distintos aspectos, que serán resumidos nos epígrafes seguintes.

• **ORIENTACIÓN DO SISTEMA DE VALORES A TRAVÉS DA EDUCACIÓN:** En primeiro lugar, centrámolo no noso interese na posibilidade de que o sistema de valores inculcado ó individuo dentro do ámbito familiar poida ser reorientado ou continuado a través dunha educación adecuada. A esta cuestión contestan afirmativamente o 82,7% dos alumnos e negativamente o 6,4% dos mesmos (figura 14).

Entre os *argumentos* expostos *a favor*, maniféstase que:

— A educación exerce un papel de complemento da familia na formación do individuo, aínda que o peso fundamental correspóndelle a esta.

— O ámbito familiar non é o único que inflúe no individuo, ou incluso este contorno puido ser incorrecto.

— O individuo pode actuar por determinados valores que se lle inculcan a través da educación.

— A educación pode colaborar nunha evolución positiva coa axuda de xente preparada.

— A educación é un reflexo da importancia dos grupos sociais.

— Esta é a razón que xustifica a existencia do sistema educativo.

— Pode corrixir certas actuacións.

Entre os factores que apoian unha *decisión negativa* atopamos:

— O peso da familia é demasiado importante para que a educación poida ter unha influencia efectiva se os valores inculcados non son os adecuados.

— O que reviste unha fundamental importancia é a actitude do individuo fronte á educación recibida.

— A educación non pode explicar determinadas actuacións que son intuitivas.




Figura 14
INFLUENCIA DA EDUCACIÓN
NA CONDUCTA ÉTICA

Polo que respecta a se se considera que o sistema educativo inculca liñas de conducta ética, un 28,2% afirma que si, mentres que un 56,4% afirma que non (figura 15).

A imaxe negativa que teñen os alumnos do sistema educativo xustifícase conforme a que:

— O sistema educativo prima valores como a competitividade, o individualismo,...

que poderían non estar asociados a condutas éticas.

— Non existe unha preocupación polo tema.

— A ensinanza que se imparte é excesivamente teórica e non prepara para a acción.

— Os educadores non están formados para abordar esta tarefa, non están eticamente preparados ou non teñen preocupación por este tema.

— A ausencia dunha materia de ética obrigatoria, a ausencia da ensinanza da moral e da relixión,..., especialmente nas primeiras fases da educación.




Figura 15
SISTEMA EDUCATIVO
E CONDUCTA ÉTICA

• **PAPEL DA ENSINANZA DA ÉTICA:** Polo que respecta ós argumentos utilizados para defende-lo papel da ensinanza na ética, indícase que o sistema tenta inculcar este tipo de coñecementos (polo simple feito, incluso, de ensinar), pero realízanse unha serie de matizacións que xeralmente coartan a súa afirmación; así, faise referencia ó enfoque teórico da ensinanza, ó grao de interese docente, ó feito de que é frecuente abordala de maneira implícita, etc..

Á pregunta de se cren que a situación actual en España en relación a escándalos ou fraudes do mundo empresarial fai necesaria a ensinanza de ética no ámbito de:

a) Orientacións éticas xerais; contesta afirmativamente un 71,8% fronte ó 12,7% (figura 16).

b) Fins éticos centrados no campo profesional, necesarios para un 70% fronte ó 11% (figura 17).

c) Non é necesaria para un 12,7% (frente ó 34,5% que afirma explicitamente que non e unha grande abstención: 52,7%) (figura 18).




Figura 16
A NECESIDADE DE ORIENTACIÓNS
ÉTICAS DE CARÁCTER XERAL




Figura 17
NECESIDADE DE FINS
ÉTICOS PROFESIONAIS




Figura 18
A NON ENSINANZA DA ÉTICA

• **ÉTICA E CONTABILIDADE. O PAPEL DA ENSINANZA DA ÉTICA NA ÁREA CONTABLE:** A Contabilidade, como fonte principal de información para a toma de decisións, non pode ser allea ás anteriores conductas, sendo preciso outorgarlle unha orientación social nunha dobre vertente:

- En relación coas motivacións e intereses dos suxeitos que utilizan a información contable.
- En relación coa súa implicación como servizo que se presta á sociedade.

O que nos leva a analiza-la posible obriga ante a empresa, a profesión e o público en xeral de manter unha conducta ética.

De aí que elixamos como comezo da análise deste punto a situación actual da Contabilidade en relación co comportamento ético. Así, polo que respecta á referencia de temas relacionados coa ética ou moral na ensinanza recibida da Contabilidade ou as implicacións éticas da práctica contable, tan só un 29,1% dos alumnos indica que non se fixo ningunha, fronte ó 40,9% que o recibiu implicitamente, o 10,9% que o recibiu de maneira explícita e o 5,5% que o recibiu tanto explícita coma implicitamente (figura 19).




Figura 19
REFERENCIA Á ÉTICA NA
ENSINANZA CONTABLE

Requiríndolles ós alumnos que citen algún tipo de organismo, institución española ou estranxeira que tratara o tema, tan só contestan algunha o 12,7% do alumnado, fronte á ampla maioría, o 87,3%, que non contesta (figura 20). Entre os organismos citados atópanse algúns de

carácter relixioso (Igrexa Católica), a OMS, colectivos profesionais, organismos do Ministerio de Educación e Ciencia, o CESIC, a ONU ou a CEE, citando con carácter contable a labor da AECA neste campo e os principios contables do Plan Xeral de Contabilidade que perseguen a imaxe fiel.

Polo que respecta á pregunta de se cren que é posible a ensinanza na área contable de comportamentos éticos, o 81,8% dos alumnos enquisados considera que si, fronte ó 7,3% que indica que non (figura 21).




Figura 20

COÑECEMENTO DE ORGANISMOS E INSTITUCIÓN S QUE TRATARAN O TEMA




Figura 21

POSIBILIDADE DE ENSINANZA NA ÁREA CONTABLE DE COMPORTAMENTOS ÉTICOS

Os argumentos utilizados para apoiar esta *visión positiva* son:

— A necesidade de que a Contabilidade responda á realidade e non estea terxiversada.

— O feito de que a ensinanza da ética é positiva en calquera disciplina, non só na área contable (mentalidade ética xeral).

— A ensinanza de ética é necesaria para a formación do contable coa fin de que este poida desempeñar correctamente as súas funcións (actuando con ética e dentro da legalidade).

— A ensinanza da ética é inherente á ensinanza contable e está moi relacionada coa Contabilidade.

— É preciso concienciar-los futuros contables das consecuencias de determinadas decisións non éticas.

— A ensinanza da ética é necesaria debido ás súas implicacións na sociedade e nos educadores.

— A ensinanza da ética propicia que esta entre no mundo da empresa.

Entre as *razóns* argumentadas *en contra* da ensinanza da ética en Contabilidade están:

— Considérase máis adecuada a súa ensinanza noutras disciplinas, como Economía, Socioloxía, ca na Contabilidade.

— Dado que a ética é inherente á persoa e dado que a ensinanza universitaria chega a unha determinada idade, se non se está formado eticamente a ensinanza non vai supoñer un cambio.

— Considérase que se debe tratar dunha forma independente.

Polo que se refire ós *prexuízos* que podería causa-la ensinanza de decisións éticas en Contabilidade, o 36,36% dos alumnos considera que ningún; o 36,37% non contesta e o 27,27% indica algún; entre os citados atopamos:

— A posibilidade de ir en contraposición cos intereses da empresa, que é a que mantén unha relación laboral co contable.

— As dificultades relacionadas co obxecto da ensinanza (dada a subxectividade, as implicacións dos docentes que poden non estar adecuadamente preparados, o problema da homoxeneización de criterios,...).

— Outras dificultades que se refiren á propia materialización da ensinanza e ás consecuencias da disciplina ética (non estudar fraudes

que poderían interesar, convertela nun "rollo", etc.), aumentando a carga lectiva ou restándolle horas á materia propiamente contable, coa dificultade de conxugar aulas nunha facultade masificada como é a nosa.

— Entrar en contraposición coa sociedade actual ofertando contables pouco competitivos.

— Unha mala comprensión por parte do alumno distorsionando conductas, coa perda de obxectividade e unha posible falta de aplicación.

— Supón unha responsabilidade adicional que non se desexa asumir.

— Son similares ós de calquera outra materia.

Polo que respecta á *forma en que se debería introduci-la ensinanza da ética* (figura 22):

a) Un 44,4% do alumnado é partidario de considerala como parte integrante da Contabilidade.

b) O 29,4% de considerala unha disciplina independente.

c) O 13,5% abordaría en cursos específicos posteriores.

d) O 5,6% non a contemplaría.

e) O 7,1% non contesta.




Figura 22
A INTRODUCCIÓN DA
ENSINANZA DA ÉTICA

Entre as razóns argumentadas para trata-la *ética como unha parte integrante da disciplina de Contabilidade* atopamos:

— Non debe impoñerse como unha ensinanza á parte, senón tratar de inculcar ética a través das materias relacionadas coa Contabilidade, posto que están interrelacionadas e, ó

tempo que se explica, se deben sinala-las implicacións éticas,

— É preciso introduci-la ética na ensinanza de Contabilidade para formar mellor ós profesionais.

— Trátase de introduci-la ética no contexto real e non como algo abstracto.

As vantaxes que representa esta opción son que ten un maior arraigamento; proporciona unha visión máis global; ten maior conexión coa disciplina; conduce a unha Contabilidade máis responsable; é unha introducción ó tema proporciona unha boa formación humana; subministra unha visión diferente do comportamento contable; inculca inconscientemente conductas éticas; ten unha maior relación coa práctica; proporciona unha aprendizaxe paulatina e máis fácil de assimilar.

As desvantaxes sinaladas son o feito de que representa unha cantidade adicional de materia para estudar; presenta unha visión da ética dende esa perspectiva ou punto de vista; sería máis oportuna a súa ensinanza noutras disciplinas como Socioloxía; tería escasa repercusión, sería algo imposto; eticamente non sería adecuado aprobar ou suspender a alguén pola súa particular forma de pensar; dada a amplitude dos programas contables, implicaría suprimir outros aspectos desta disciplina; eliminaría a visión do profesional; non exercería influencia sobre o alumnado e sería insoportable.

Polo que respecta ás *razóns argumentadas a favor de considera-la ensinanza da ética como unha disciplina independente*, destácase que:

— A ética non lle afecta só á área contable, de aí que para abordala adecuadamente sexa precisa unha asignatura específica, tratando de favorecer conductas éticas a tódolos niveis.

— O tema ten suficiente entidade e relevancia como para dedicarlle unha disciplina enteira.

Entre as vantaxes dunha disciplina independente, atópase o feito de que facilita unha visión global e profunda do tema; redundaría nunha maior ética a tódolos niveis; complementaríala a formación anterior; o feito de que debe ser inculcada dende un principio; ofertaríase

a quen tivese interese na mesma; tería unha mellor aceptación; estaría máis orientada cara á realidade cunha visión transcendente e máis ampla da mesma; serviría para marcar uns valores adecuados.

Entre as desvantaxes, sinálase o feito de que representa unha maior carga lectiva (cunha especial mención a un aumento de carga teórica); córrese o risco dunha falta de integración e desconexión; habería unha falta de interese por parte dos estudantes que non a elixirían (outras asignaturas representan un maior interese); non ten a suficiente entidade para constituir unha materia independente; non tería efecto (rexeitamento ante unha imposición).

No tocante á *impartición de ética en cursos posteriores específicos*, os estudantes sinalan que:

— Unha vez coñecidas tódalas materias, trátase de reflexionar respecto da importancia das repercusións das decisións empresariais sobre os grupos sociais e máis concretamente das decisións contables.

— Non está relacionada cientificamente con outras disciplinas da carreira, de aí a necesidade de aborda-la súa ensinanza en cursos específicos posteriores.

— É preciso afondar no coñecemento da ética.

— Hai a necesidade dunha orientación ordenada.

Entre as vantaxes sinaladas de aborda-la ensinanza da ética en cursos específicos posteriores atopamos: a voluntariedade da mesma; o feito de que é unha boa forma de completa-la formación; proporciona unha visión máis global do tema e permite alcanzar un maior nivel.

Entre as desvantaxes de impartila en cursos específicos posteriores temos: o acceso tan só dunha minoría, non da totalidade dos alumnos; o feito de que chegaría demasiado tarde; estaría desconectada doutras disciplinas; representa unha sobrecarga teórica; xeneralizaríase en casos non éticos; sería demasiado ampla; non tería arraigamento dado o seu carácter esporádico; non aportaría nada á formación do estudante, nin supoñería nada novo.

Entre as razóns argumentadas a favor de non contempla-la ensinanza da ética atopamos:

— O feito de que a actuación ética é inherente á persoa, non se vería afectada esta, pois, por unha ensinanza específica.

— A súa ensinanza é difícil e é sensible a criterios subxectivos.

— Xa se contempla a ética implicitamente noutras disciplinas.

Entre as vantaxes que reporta o non contempla-la ensinanza da ética sinálanse: o perigo que reviste esta ensinanza; o feito de que non se debe contemplar máis ca implicitamente; que cada un libremente debe poder pensa-lo que queira; o feito de que é algo á parte.

Polo que respecta ó *encargado desta docencia*, a meirande parte do alumnado indica que debe ser compartida por un contable e un filósofo (41,8%), mentres que un 31,8% se inclina polo contable, o 10% polo filósofo e o 1,8% por ningún deles (figura 23).




Figura 23
O RESPONSABLE
DA DOCENCIA DE ÉTICA

No tocante ó *tempo que se lle dedicaría á ensinanza da ética* existe unha gran diversidade de opinións:

— Un elevado grupo de alumnos non concreta o tempo específico que se lle debe dedicar e así atopámonos con respostas como: paralelamente ó desenvolvemento contable (10,91%), pouco ou escaso (5,45%), ó longo da formación da persoa ou toda a súa vida (2,73%),

o necesario (2,73%), depende do tema ou do individuo (1,82%).

— Outro grupo é partidario dunha ampla formación ética nun curso completo con ampla carga lectiva (16,36%), variando dende as 120 horas de dedicación, 3, 2, 1 e 1/2, 1, 1/2 horas á semana, e un partidario de dedicarlle tres cursos completos á ensinanza de ética.

— Outro grupo é partidario dunha menor dedicación (6,36%); así sinalan 1 hora ó mes, máis de 10, 20 horas ó ano, día si e día non, 1 mes, dous meses e un tercio do curso.

No tocante á *metodoloxía* preferida polos alumnos para segui-la ensinanza de ética:

— O 16,36% é partidario de casos reais, ensinando un conxunto de valores e sinalando as consecuencias de determinadas actuacións.

— O 10,91% é partidario de charlas, coloquios, conferencias ou debates.

— O 3,64% como parte integrante das outras disciplinas, ben por conferencias, charlas...

— O 3,64% ensinanza práctica e clases participativas.

— O 1,82% é partidaria de integrala na asignatura contable.

— O 1,82% establece cunha parte teórica, co fin de establece-los principios básicos, e outra práctica que a complementaría.

— O 7,27% agruparía respostas individuais que van dende os partidarios da realización de traballos á discusión da adaptación das normas contables ás características sociais e culturais do país, que fan referencia á necesidade de amabilidade; os partidarios da "de sempre"; a necesidade de partir do xeral e ir cara ó particular; o seminario; as lecturas; os raonamentos do filósofo; só teoría; a que cuns bos argumentos e pedagogía derive nuns resultados prácticos; unha primeira perspectiva do que se entende por ética e despois unha aplicación ó sistema contable.

• **CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DO ENFOQUE ÉTICO DENDE O PUNTO DE VISTA DO CONTABLE E DA CONTABILIDADE:** No tocante á existencia ou non de diferenzas substanciais entre a Contabilidade e outras disciplinas —como Medicina ou Dereito— que

fixeran innecesaria a ensinanza da ética naquela fronte a estas, un 62,9% dos alumnos non encontran diferenzas significativas, fronte ó 13,5% que si as atopan (figura 24).




Figura 24
EXISTENCIA DE DIFERENCIAS ENTRE A CONTABILIDADE E OUTRAS DISCIPLINAS DE CARA Á ENSINANZA DE ÉTICA

Os alumnos sinalan que aínda que en todo o exercicio profesional é precisa a ética, nalgúns casos, como ocorre coa Medicina ou o Dereito, as consecuencias das decisións adoptadas son máis importantes; así, destacan as implicacións especiais na Medicina debido ó xuramento hipocrático, o feito de operar con seres humanos e as súas vidas, as consecuencias en ocasións irreversibles sobre os mesmos (27,78%); outros alumnos salientan que, aínda que non existen diferenzas na definición, si as hai nas consecuencias, de aí que o proceso de aplicación sexa diferente (11,11%), ou resaltan o feito de que dificilmente podemos engana-los clientes (5,55%), as menores implicacións que no Dereito (5,55%), e o feito de que as características particulares de cada zona do coñecemento requiren un tratamento distinto (5,55%).

Se consideramos que a responsabilidade ética do contable ten varias vertentes:

— Fronte a el mesmo, debido a que cada individuo ten un sistema individual de crenzas acerca do que é unha actuación ética ou non; como afirma KNIGHT (1935) a vida non é só persecución de fins, de satisfaccións, senón tamén de bases para apoiar novos esforzos.

— Como membro dun corpo profesional, dado que se poden establecer códigos morais de conducta que deben seguir os profesionais.

— Fronte á empresa, xa que está integrado nesta e se ten que adaptar á súa particular cultura organizativa.

— Fronte á sociedade;

cando estas catro vertentes non son coincidentes xorden problemas.

Na visión que o noso alumnado ten destes aspectos máis concretos, relacionados co propio desenvolvemento da Contabilidade, sinalaremos que, aínda que a meirande parte do alumnado considera que o contable ten obrigas coa súa empresa, coa súa profesión, con el mesmo e coa sociedade, destaca unha diferenza entre estas responsabilidades (figura 25); así, practicamente a totalidade (81,8%) consideran que o contable ten obrigas coa súa empresa e con el mesmo (fronte ó 1,8% que consideran que non as ten) —Series 1 e 3—, pero esta porcentaxe é menor para a responsabilidade co público en xeral (79,1% fronte ó 3,6% que indica que non) —Serie 4— e coa profesión (77,3% fronte ó 2,7% que indica que non) —Serie 2—.




Figura 25

RESPONSABILIDADE DO CONTABLE

• *INTERESE DUN CÓDIGO ÉTICO:*

Como xa sinalamos, o contable ten unha responsabilidade ética fronte a el mesmo, fronte á empresa na que está traballando, como membro dun corpo profesional e fronte á sociedade en xeral. Por iso, ademais do seu posible código ético, influído pola educación, na práctica profesional da empresa pode resultar de interese a elaboración dun código ético propio da empresa; isto é, unha serie de "leis" (reglas e normas) polas que deben rexerse as conductas dos membros da organización, non só ante certas circuns-

tancias previstas, senón como pauta xeral de comportamento; o establecemento deste código é unha iniciativa positiva, pero que non exime doutras responsabilidades cando os integrantes da empresa non manteñen conductas éticas. Así, o código ético empresarial debe ser completado con códigos morais de conducta elaborados polos profesionais e servicios públicos e legais en xeral, na liña de mante-los máis elevados índices de conducta ética.

A necesidade de logra-la competitividade da empresa e, ó mesmo tempo, que os seus integrantes actúen con honestidade e sentido moral pode levar a conflitos ante decisións éticas e comerciais que esixen unha triple análise:

— De legalidade: non só coa normativa existente, senón coas regras de conducta que establece a propia empresa.

— De equilibrio: relacionando a xustiza da decisión coas súas repercusións a curto prazo.

— De correspondencia coa ética individual dos integrantes da empresa.

Chegados a este punto, o problema céntrase no modelo máis adecuado: normas de dereito positivo *versus* normas xerais, enfrontando dalgunha maneira as vantaxes (maior eficacia e impacto) coas desvantaxes (intervencionismo público, limitación de competencia) de ámbolos dous.

A regulación da conducta ética é valorada polos nosos alumnos en distintos aspectos; así, consideran oportuna a elaboración de recomendacións, 39,1%, e de normas legais, 10%, de ámbalas dúas nun 39,1% e de ningunha tan só nun 2,7% (figura 26).

A xustificación para implantar normas legais apóiase no feito de que ten asociada unha sanción, na necesidade dalgunha regulación para evita-la perda de principios, no feito de que ata o momento foron costumes e en lograr unha certa uniformidade na aplicación de criterios.

Os partidarios de elaborar recomendacións, pola súa parte, argumentan que a ética non pode nin debe impoñerse; a necesidade de lograr unha concienciación social; destacan que incluso as normas se incumpren; debido ó compoñente de subxectividade; o feito de que pode existir un rexeitamento ó implantala como norma; que o in-

dividuo ten a responsabilidade suficiente para actuar de forma ética e que se fosen de obrigado cumprimento non serían ben vistas polos contables.




Figura 26
REGULACIÓN DAS CONDUCTAS ÉTICAS

Para argumentar a favor de ámbalas dúas pautas (normas e recomendacións) indícase, por exemplo, que para os aspectos máis importantes se deberían elaborar normas éticas e para os restantes recomendacións; as recomendacións xa existen pero é preciso completalas con normas; a insuficiencia das normas de obrigado cumprimento por elas mesmas; non habería problema se as normas legais fosen éticas; deberíanse elaborar normas para os aspectos menos importantes; etc.

Polo que respecta ó *ámbito da súa aplicación*, o 82% do alumnado considera que se debe estender a tódalas empresas, fronte ó 5% que considera que o seu ámbito debería ser só o daquelas empresas que atenten contra o interese público e o 10% que indica que ámbalas dúas formas (figura 27).

O bloque das tres últimas preguntas da enquisa ten como función constata-lo grao de conformidade cos códigos ético-morais de conducta que deben seguir os profesionais, en particular coa opinión manifestada pola NAA (1983) en relación á competencia, confidencialidade e obxectividade.

1) *Competencia*: Ó preguntarlles ós alumnos se consideran que os contables de xestión teñen a responsabilidade de (figura 28):

— Manter un nivel apropiado de competencia profesional no desenvolvemento dos seus coñecementos e tarefas, un 71,8% considera que si, tan só un 0,9% considera que non (Serie 1).

— Desempeña-los seus deberes profesionais de acordo coas leis relevantes, as regulacións e as normas técnicas, un 38,2% considera que si e tan só un 0,9% considera que non (Serie 2).

— Preparar completa e claramente informes e recomendacións despois das análises apropiadas de información relevante e fiable, un 65% considera que si, fronte a un 3,6% que indica que non (Serie 3).




Figura 27
ÁMBITO DA REGULACIÓN




Figura 28
COMPETENCIA DO CONTABLE

Entre as razóns que apoian esta resposta positiva destacan a necesidade de que o contable responda da fiabilidade dos informes que elabora e teña presente a ética nestes informes que elabora (amosando coñecementos técnicos e legais así como normas de conducta éticas), realizando o mellor posible o seu traballo e o das persoas que dependen del. Considérase que esta actuación redundará no seu propio interese

e no da empresa; ademais alúdese á necesaria liberdade de actuación do contable dentro duns principios comúns. As respostas negativas non reflicten xustificación.

II) *Confidencialidade*: Con respecto á cuestión de se os contables teñen a responsabilidade de (figura 29):

— Absterse de revelar información confidencial adquirida no desenvolvemento do seu traballo agás cando estea autorizado, non sendo que estea legalmente obrigado a facelo, un 66,4% está conforme, fronte ó 7,3% que contesta que non (Serie 1).

— Informa-los subordinados como sexa apropiado, un 63,6% contesta que si, fronte ó 2,7% que afirma que non (Serie 2).

— Absterse de usar ou comparecer para usa-la información confidencial, un 36,4% afirma que si, fronte ó 17% que contesta que non (Serie 3).




Figura 29
CONFIDENCIALIDADE DO CONTABLE

Entre as razóns aducidas para contestar positivamente, atopámo-la necesidade de preservar a confidencialidade (que só se debe romper no caso de interese público ou se o esixe a lei); a calidade técnica; o temor a que actuando doutro modo periguen os postos de traballo; o feito de que os subordinados deben ter información para atoparse motivados (aínda que se debe preservar a confidencialidade). Destácase, así mesmo, a responsabilidade coa empresa.

Entre os argumentos negativos con respecto á primeira cuestión, indícase que o contable ten a obriga de revelar información cando coñe-

za comportamentos que van en contra da lei vixente e que a información subministrada debe ser reflexo da imaxe fiel e ser útil na toma de decisións. Para contestar negativamente á terceira, indícase que podería beneficiar á competencia; o feito de que debe existir un límite para a revelación e a necesidade de subministrarlles información ós subordinados, pero respectando a confidencialidade e evitando que caia en poder dos competidores. Por outra parte, alumnos que contestan negativamente á primeira e á terceira indican que non debe desvelar información, no que o límite dos principios éticos ha de ser equitativo e non favorecer determinados intereses.

III) *Obxectividade*: Con respecto a se se entende que os contables de xestión teñen a responsabilidade de (figura 30):

— Comunica-la información fiel e obxectivamente, un 74,5% indican que si, fronte ó 1,8% que afirman que non (Serie 1);

— Revelar plenamente calquera información relevante, un 52,7% afirman que si, fronte a un 18,2% que afirman que non (Serie 2).




Figura 30
OBXECTIVIDADE DO CONTABLE

Entre as razóns argumentadas a favor de ambas dúas cuestións, destácase a profesionalidade do contable de xestión, constituíndo parte do seu traballo, de acordo coa necesidade de obxectividade, da maior claridade para igualar oportunidades e tendo en conta a necesidade de ofrecer información relevante por pura ética e sentido da responsabilidade, aínda que se matiza a extensión da mesma. Por outra parte, destácase que a información debe ser comunicada na medida necesaria para garanti-lo bo

funcionamento da empresa e a importancia outorgada á relevancia antes que á exactitude.

Entre as razóns para contestar negativamente á segunda, indícase que os contables deben informar tan só do necesario para adoptar a decisión, a necesidade de preservar a empresa da competencia e o feito de que non se pode revelar a calquera nin en calquera momento.

4. CONCLUSIONES

1) Recoñecemento da estreita relación entre Economía (en sentido amplo) e Contabilidade, en particular, coa ética, ó tratar ámbalas dúas do problema do valor e centrarse no individuo.

2) Obsérvase un interese xeral sobre as decisións empresariais que, normalmente, implican un certo grao de xuízo ético.

3) Aínda que a eliminación das consideracións éticas da toma de decisións simplificaría a xestión empresarial, destácase a enorme importancia da ética na toma de decisións. As persoas que integran unha empresa son responsables da súa conduta e as súas accións colectivas determinan os seus valores éticos.

4) A elaboración dun código ético mellora a toma de decisións ante conflitos éticos.

5) O código ético debe determinar os propósitos da empresa e, por iso, ha contar coa participación real de todos, ha ter en conta a conduta dos integrantes da empresa, a calidade de comportamento dos produtos e servizos,...

6) Existe unha responsabilidade ética dos contables de manter competencia, confianza, integridade e obxectividade e os códigos éticos profesionais implántanse para lograla.

7) Arguméntase a necesidade da ensinanza da ética en Contabilidade como unha forma de mellorar o proceso contable e o exercicio profesional e en base a que non facelo reduciría o campo de visión do estudante e futuro xestor.

8) A ensinanza da ética en Contabilidade non debe ter como función o cambio dos sistemas de valores individuais, senón que, mediante a coordinación da ética cos coñecementos que se imparten na licenciatura, debe ofrecerlles ós estudantes un sistema de referencia das consecuencias éticas das decisións, producindo un comportamento máis ético.

BIBLIOGRAFÍA

- ANDREWS, K. (1989): "Ethics in Practice", *Harvard Business Review*, (setembro-outubro), pp. 99-104.
- ARANYA, N.; FERRIS, K. (1984): "A Reexamination of Accountants Organizational-Professional Conflict", *The Accounting Review*, (xaneiro), pp. 1-15.
- AXLINE, L. (1990): "The Bottom Line of Ethics", *Journal of Accountancy*, (decembro), pp. 87-91.
- BLANCHARD, K; PEALE, N. (1989): *El poder ético del directivo*. Barcelona: Grijalbo S.A.
- CADBURY, A. (1988): "Los directivos éticos marcan sus propias reglas", *Harvard Deusto Business Review*, (2º trim.), pp. 21-28.
- HAMLIN, A. (1986): *Ethics, Economics and the State*. Brighton, Sussex: The Haverter Press Publishing Group.
- KNIGHT, F. (1935): *La ética de la sociedad competitiva*. Madrid: Unión Editorial S.A. (ed. de 1976, baseada na versión realizada no ano 1969).
- LANDER, G; CRONIN, M.; REINSTEIN, A. (1990): "In Defense of the Management Accountant. Recent Court Cases Show Liability Risk is Growing", *Management Accounting*, (maio), pp. 54-58.
- LOEB, S. (1972): "Enforcement of the Code of Ethics: a Survey", *The Accounting Review*, (xaneiro), pp. 1-10.
- NAA (1983): "SMA 1C. Standards of Ethical Conduct for Management Accountants" (xuño), en: *Statements on Management Accounting*. The National Association of Accountants. Englewood Cliffs, New Jersey: Prentice Hall.
- RICH, A.; SMITH, C.; MIHALEK, P. (1990): "are Corporate Codes of Conduct Effective) Yes, but,... the Corporate Environment May Be More Important", *Management Accounting*, (setembro), pp. 34-35.